



PROXECTO EDUCATIVO

CEIP SAN TOMÉ

Este documento pretende ser a guía sobre a que se desenvolve a acción educativa neste colexio para os próximos 5 anos. Desde o ano 2005, quedou obsoleto polos múltiples cambios e actualizacións dos últimos 14 anos.

Ceip San Tomé

36015093

01/04/2019



Índice

a) Contextualización.....	2
a. Datos do centro	
b. Contorna espacial	
c. Contexto social	
d. Espazos do centro	
i. Instalacións	
ii. Patio	
e. Materiais	
f. Persoal	
i. Docente	
ii. Non docente	
g. Alumnado	
h. Elementos organizativos	
i. Órganos de goberno	
ii. Equipos docentes	
b) Valores.....	11
c) Obxectivos.....	16
d) As prioridades de actuación.....	18
e) O tratamento transversal nas áreas, materias ou módulos da educación en valores e outros ensinós.....	20
f) A concreción dos currículos.....	25
g) Estratexias para alcanzar os estándares (Decreto 86/2015).....	48
h) As medidas de atención á diversidade do alumnado.....	49
i) A acción titorial.....	49
j) Os compromisos educativos.....	50
k) Proxectos de centro.....	51
a. O plan de convivencia.....	51
(Anexo)	
b. Proxecto Lector de Centro.....	51
(Anexo)	
c. As medidas para promoción de estilos de vida saudables	51
(Anexo)	
d. O proxecto de educación dixital (para centros en contorno dixital).....	51
(Anexo)	
e. A oferta de materias de libre configuración autonómica.....	51
f. Outros proxectos nos que participa o centro.....	51
i. Da consellería.....	51
ii. Outras entidades.....	51
l) As singularidades curriculares e de organización e os correspondentes agrupamentos pedagóxicos (art. 121.7 LOE-LOMCE).....	52

a) Contextualización

a. *Datos do centro*

NOME: CEIP SAN TOMÉ

CÓDIGO: 36015093

CIF: Q8655457C

DIRECCIÓN: RÚA OS OLMOS, Nº 20, 36630, CAMBADOS (PONTEVEDRA)

TELÉFONO: 8861511 90/91/92

TITULARIDADE: PÚBLICA

CORREO ELECTRÓNICO: ceip.san.tome@edu.xunta.es

2



b. *Contorna espacial*

O ceip San Tomé atópase no surlleste de Cambados, no barrio que lle da nome ao centro. Está situado entre o mar e do monte da Pastora, dous espazos de alto valor educativo polo que aportan:

- **Elementos históricos:** torre de San Sadurniño, igrexa de Santa Mariña Dozo



3

- **Elementos naturais:** desembocadura do Umia, zona de O Sarrido, diversidade de especies no monte da Pastora



- **Elementos paisaxísticos:** ría de Arousa, río Umia, monte da Pastora



b.1. Outros servizos educativos cercanos ao CEIP San Tomé

Moi preto do colexio está o IES Francisco Asorey, que é o noso instituto de referencia, e tamén están moi preto dúas garderías, a municipal e unha privada.

A EEI A Pastora está na nosa zona de influencia, pero sen embargo ten como centro asociado o CEP Antonio Magariños Pastoriza.

Cambados conta cun Auditorio Municipal que alberga a Escola de Música; que oferta estudos de diversos instrumentos, linguaxe musical, orquestra e banda.

b.2. Parques e zonas de ocio

No barrio hai unicamente un parque infantil de dimensións bastante reducidas e con pouca afluencia de familias.

No propio colexio hai un polideportivo, unhas pistas exteriores de céspede artificial e con porterías e o parque infantil do propio centro. Todas estas instalacións son empregadas polas familias polas tardes, xa que o patio está permanentemente aberto, o cal non é negativo, xa que se ofrece aos veciños unha opción máis de ocio, pero ten como contrapartida un deterioro maior do mobiliario e uns problemas de limpeza que recaen sempre na conserxe-limpadora, que non recibe axuda para estes labores.

Por último, facemos mención novamente ao Monte da Pastora e ao entorno do río Umia, lugares de gran valor medioambiental que tamén teñen boas opción para o lecer (parque infantil no Monte, rutas de sendeirismo e bicicleta...)

b.3. Asociacións culturais e deportivas

Cambados ten unha enorme oferta deportiva e cultural para tratarse dunha vila de 13800 habitantes.

A nivel deportivo os clubs de Cambados que teñen influencia no colexio (ben por número de alumnos que pertencen a eses clubs ou polos servizos ou colaboracións que fan no colexio) son: Club Juventud Cambados de fútbol, Club Xuventude Cambados de baloncesto, XAV de voleibol, Club Piragüismo Cambados, Club Cambados tenis de mesa, Club Atletismo Cambados, Club de Judo Senín, Club INNAE de taekwondo Cambados. Aínda que non conste como club, son moitos os nenos que acoden á piscina municipal para recibir clases de natación.

A nivel cultural, hai unha enorme actividade e tradición musical. Neste eido podemos citar grupos de música tradicional coma Volandeira,

Xironsa, Con de Xido e outros. Hai diferentes agrupacións corais, grupos musicais e instrumentais de diferente tipo, bandas de música coma a de Castrelo, grupo de batuka ou teatrais como Caracol.

c. **Contexto social**

A poboación do barrio de San Tomé pertence a unha clase media, cunha porcentaxe significativa de empregos vencellados ao mar directa ou indirectamente (mariscadoras/es, peixeiras/os, traballadoras/es de depuradoras e conserveiras). O resto de familias ten unha actividade económica propia desta clase, como poden ser traballos administrativos e de servizos.

O nivel de estudos das familias é moi dispar, xa que a diversidade no noso centro é moi grande, existindo pais/nais con nivel de estudos básico ata familias nas que os dous proxenitores teñen estudos superiores.

Cambados caracterízase por unha importante actividade cultural e deportiva, que tamén ten influencia no colexio pola cantidade de eventos organizados polas distintas asociacións e polo concello.

Posúe ademais unha rede museística importante para unha vila de 13800 habitantes e unhas instalacións deportivas de calidade.

d. **Espazos do centro**

i. Instalacións:

O colexio San Tomé está formado por un edificio que data de 1977 que ten dous andares e un polideportivo no que se levan a cabo as clases de EF de 2º a 6º de primaria. No andar baixo do edificio principal están situadas as aulas de Educación Infantil, unha aula de educación primaria, a biblioteca, a sala de máquinas, as aulas de PT e AL, o despacho de dirección/administración/secretaría/xeatura, a sala de Mestres, a sala de titorías, o despacho do xefe do departamento de orientación, o ximnasio, unha aula que se emprega para as materias de relixión ou valores cívicos e

sociais e antiga casa da conserxe que será reformada para a construción dunha nova aula de usos múltiples.

No primeiro andar están as aulas de primaria, a aula de informática/inglés e a aula de música.

O estado do edificio non é bo, xa que ten bastantes problemas de mantemento. Hai unha parte reformada no andar baixo, que corresponde ás aulas de infantil e á biblioteca, que está en mellor estado, pero o resto conserva moitos elementos da construción inicial que están moi deteriorados, como poden ser os falsos teitos. Tamén a maioría dos baños precisa unha reforma.

O pavillón polideportivo é unha instalación máis recente, presenta un bo estado xeral e permite ter unhas boas condicións de traballo. A única pega é que non ten calefacción e no inverno é un espazo frío.

ii. Patio

O patio do colexio está dividido en tres zonas:

- a) **Patio de infantil:** é unha zona habilitada unicamente para o alumnado desta etapa.
- b) **Pistas:** de uso exclusivo para os alumnos de educación primaria, con chan de céspede artificial e con dúas porterías de fútbol-sala ou balonmán. Está situado a unha altura distinta do edificio principal.
- c) **Zona de uso común:** caracterizada pola presenza de moitas árbores e plantas varias. É moi singular e característica e permite un sen fin de xogos se existe un mínimo de imaxinación. Academicamente pode ser moi útil precisamente pola variedade de flora que aporta. Na zona común hai unha horta dividida en parcelas para que cada aula poida traballar de forma individual.

A modo global, podemos afirmar que é un patio que ofrece moitas posibilidades, pero que a mesmo tempo necesita dun maior coidado e dalgún complemento a maiores, como poden ser mesas ou casiñas de madeira.

e. *Materiais*

A dotación de material da que dispón o colexio podémola considerar como boa e suficiente. Evidentemente sempre se pode aspirar a máis, pero na actualidade hai unha boa dotación.

Existe numeroso material manipulativo para traballar a lóxico-matemática (regretas, policubos, balanzas, corpos xeométricos, pesas, bloques...) que están distribuídos polas aulas ou ben en armarios comúns de cada ciclo.

Hai tamén un banco importante de xogos para desenvolver a linguaxe oral e escrita, que están a disposición do profesorado.

En canto a material tecnolóxico, dispoñemos de 75 ordenadores, tres tabletas, pizarras dixitais interactivas, cámara de vídeo, cámaras de fotos e proxectores en todas as aulas...

Contamos tamén cunha estación meteorolóxica e cinco drones, e cun kit de robótica educativa composto por 20 robots (Mbot) e diversos sensores complementarios para eles.

f. **Persoais**

i. Docente

O centro dispón do profesorado que corresponde por catálogo, é dicir:

- 8 mestras de educación infantil (6 titoras e 2 apoios)
- 12 mestres de educación primaria (1 deles especialidade de francés)
- 2 mestras de Inglés
- 2 mestres de EF
- 1 mestra de música
- 1 mestra de relixión católica
- 1 mestra de PT
- 1 mestra de AL
- 1 Xefe do Departamento de Orientación

Con respecto a esta oferta de catálogo, dicir que nos últimos anos dende o centro vense solicitando a presenza dunha segunda persoa que teña a especialidade de PT, xa que o aumento de ACNEAE fai que o departamento de orientación teña un horario demasiado comprimido.

ii. Non docente

O plantel de persoal non docente está composto por:

- 1 administrativa
- 1 coidadora a tempo completo
- 1 conserxe-limpadora

As funcións de cada un deles axustaranse en base á lexislación vixente en cada un dos casos. Facer referencia a que a duplicidade de funcións da conserxe-limpadora supón un problema tanto para ela como para o centro, xa que debido ás dimensións do centro e á cantidade de traballo que acumula, vese na obriga de deixar nun segundo plano as funcións de conserxería.

8

g. Alumnado

O número de alumnado aproximado é de 400 alumnos, dos que uns 110 adoitan ser de Educación Infantil.

En base aos datos das últimas avaliacións individualizadas, o alumnado do centro pertence ao grupo ISEC baixo, xa que a media dos catro últimos cursos é de 365. Isto, en teoría, inflúe nos recursos que podan ter nas súas casas para complementar a súa formación.

O alumnado asiste a clase con normalidade, non hai casos significativos de absentismo escolar, adoita cumprir coas obrigas escolares e, como norma, non é conflitivo.

h. Elementos organizativos

i. Órganos de goberno

Equipo directivo:

Composto pola dirección, xefatura de estudos e secretaría. As competencias de cada cargo veñen determinadas por lei, aínda que o funcionamento debe ser o dun equipo que comparta responsabilidades.

Facer fincapé en que o equipo directivo debe fomentar a participación do profesorado e estar aberto a propostas que poidan xurdir no seo do claustro ou dos diferentes equipos docentes que se forman no centro.

Asemade, debe transmitir interese pola formación do profesorado, fomentando que o colexio non sexa soamente un lugar de aprendizaxe para o alumnado.

COLEXIADOS

CONSELLO ESCOLAR

É o órgano a través do cal participan na xestión do centro os distintos membros da comunidade escolar. A súa composición, atribucións e funcións coa LOMCE quedan recollidas no Capítulo III, artigo 126 e 127.

CLAUSTRO DE PROFESORES

O Claustro de profesores/as é o órgano propio de participación destes/as no goberno do centro. Estará integrado pola totalidade do profesorado que preste servizos no mesmo e presidido polo director/a do centro.

Ten a responsabilidade de planificar, coordinar, informar e, de ser o caso, decidir sobre todos os aspectos educativos do centro. As súas funcións axustaranse ao establecido no Regulamento Orgánico das escolas de educación Infantil e primaria (Decreto 374/1996 do 17 de outubro), e ao artigo 129 da LOMCE.

ii. Equipos docentes

EQUIPOS DE CICLO

Establécense os seguintes Equipos de Ciclo:

- Educación infantil
- Coa LOMCE desaparecen os ciclos na Etapa de Educación Primaria, pero en Claustro decidiuse que, para un mellor funcionamento, se formen

equipos cun representante que será o que acuda ás reunións da comisión de coordinación pedagóxica e as do departamento de orientación.

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

A finalidade desta Comisión é garantir a coherencia e coordinación vertical do proxecto curricular do centro.

Composición:

Está presidida polo director/a do centro, e integrada polo xefe/a de estudos, os coordinadores/as de ciclo, un profesor/a de pedagogía terapéutica, mestre/a de audición e linguaxe, o coordinador/a do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, o de Biblioteca e o xefe/a do departamento de orientación. Coa aplicación da LOMCE non existen coordinadores de Ciclo en Educación Primaria polo que acudirán ao departamento un representante de cada equipo docente formado.

b) Valores

O primeiro aspecto que debe quedar claro á hora de enfocar a liña educativa é a do cumprimento da lexislación vixente. Algo que parece tan evidente ten un valor fundamental, xa que moitas das propostas que se adoitan realizar son de carácter obrigatorio tendo en conta a lei educativa. Neste sentido, e a modo de exemplo, dicir que a meirande parte dos libros de texto non axustan á lexislación os seus contidos dentro de cada nivel, converténdose nunha ferramenta de incumprimento da mesma.

Valores:

- **Escola integrada no barrio:**

O colexio San Tomé é, e ten que ser, unha referencia para o barrio. Isto implica que sexa un centro aberto para que toda a comunidade educativa e distintos colectivos da zona acudan a nós para levar a cabo as súas actividades e inquiredanzas. Neste sentido, as instalacións do centro estarán a disposición para o seu uso, sempre e cando as solicitudes sexan aprobadas polo consello escolar.

Por outro lado, a apertura tense que producir tamén dende o colexio cara o barrio, participando en actividades e colaborando con organizacións da contorna (Centro de Día, Asilo...)

- **A diversidade como identidade:**

Nos últimos anos son bastantes as familias con fillos/as con NEAE que elixen o noso centro para escolarizalos. Este é un valor fundamental que supón unha oportunidade polo que aportan estes alumnos, tanto ao profesorado como ao alumnado. Temos que ser quen de aproveitar as vivencias e valorar a sensibilidade, a empatía, o respecto e as aprendizaxes que se derivan da integración plena destes alumnos/as.

Defendemos unha escola na que todos/as temos cabida, sexa cal sexa a nosa orixe, cultura, ideoloxía, relixión, situación familiar... Para construír

un centro inmerso nunha sociedade diversa na que aprendemos día a día a convivir no respecto e a inclusión.

- **Igualdade de oportunidades:**

Un centro de carácter público e comprometido coa educación de calidade ten que garantir a igualdade de oportunidades para todo o alumnado. Deberán adoptarse as medidas oportunas para que isto suceda, tanto no eixo da igualdade de xénero como no de minimizar as diferenzas sociais entre o alumnado.

A participación en Edixgal ou en contratos-programa como o Refórza-T son exemplos concretos de medidas que garanten esa igualdade de oportunidades.

- **Respecto polas etapas evolutivas do alumnado:**

O desenvolvemento dos nenos debe respectarse ao máximo. É obriga coñecer as características de cada unha das etapas evolutivas para non forzar e adiantar aprendizaxes antes de que os nenos/as estean preparados para afrontalas. Isto non está en absoluto rifado co currículo. O deseño da proposta didáctica nas programacións será rigoroso neste sentido cunha metodoloxía axeitada e perfectamente secuenciada.

- **Lugar de aprendizaxe non so para o alumnado:**

Un valor fundamental debe ser a formación continua. O profesorado que elixa o CEIP San Tomé como destino debe saber que terá a oportunidade de formarse no propio centro a través do PFPP (proxecto de formación permanente do profesorado) e do resto de compañeiros do centro.

As familias non están excluídas deste apartado, xa que tamén poden demandar formación a nivel colectivo (escola de pais, docencias en distintas etapas sobre temas concretos) ou de xeito individual (asesoramento sobre pautas/normas, sobre dificultades específicas...)

- **Conciencia sobre o medio ambiente:**

A escola é un lugar idóneo para a adquisición de hábitos que sexan respectuosos co medio ambiente. A conciencia sobre o consumo enerxético, o emprego de determinados materiais (en especial o plástico) serán tidos en conta no día a día da aula.

Non podemos quedarnos na anécdota da adquisición de hábitos, senón tamén actuar nos espazos propios do colexio (interior e patios) e nos espazos naturais que temos preto da escola (monte da Pastora, río Umia e a contorna da Torre de San Sadurniño –praia de San Tomé e Sarrido-)

Queremos ser tamén moi activos en materia de reciclaxe e recollida selectiva de lixo, por iso nos implicaremos na recollida de tapóns e pilas, tecendo unha rede de colectores por todos os espazos do centro e empregando os residuos orgánicos para a zona de compostaxe que temos na horta escolar.

- **Música e movemento:**

O valor da música e o movemento ten un potencial para a educación que sobrepasa os límites das áreas de Educación Musical e Educación Física. Son elementos vertebradores, xeradores de aprendizaxe e que espertan emocións no alumnado.

Estarán presentes no día a día e tidos en conta á hora de programar as actividades de aula e de centro.

- **Responsabilidade tecnolóxica:**

É obvio que a educación do século XXI debe ter moi presente a tecnoloxía, pero non debemos caer no uso excesivo e innecesario. É por iso que valoraremos positivamente o emprego da tecnoloxía, aproveitando todas as vantaxes que ofrece, pero sendo conscientes dos perigos dun uso inapropiado da mesma (tanto a nivel físico en idades temperás como a nivel social en cursos máis altos). No proxecto de educación dixital

(incluído no PEC) concrétase polo miúdo todo o relacionado con este aspecto.

- **Participación e democracia:**

A escola pertence á comunidade educativa, todos os compoñentes dela deben sentila como súa por igual, é por iso que todas as opinións deben ser escoitadas e valoradas.

Neste sentido, a propia lei aporta un elemento fundamental para o desenvolvemento deste aspecto, como é o traballo cooperativo, onde a participación igualitaria e as distintas opinións son tidas en conta para chegar a unha postura común.

En canto ás familias, calquera das vías de comunicación serán válidas: a través da ANPA, a través dos representantes no consello escolar, ou comunicación directa cos titores ou o equipo directivo.

Creemos que un alicerce esencial para un óptimo labor docente é propiciar, desde o colexio, a corresponsabilidade coas familias no desenvolvemento integral de cada un dos nenos e nenas do centro a través da colaboración planificada (horario de titorías, reunións xerais, entrevistas individualizadas, reunións de grupo, participación das familias en actividades de centro, como obradoiros, lecturas de contos...)

O profesorado terá os claustros e reunións de equipos docentes como momentos idóneos para a presentación de propostas.

- **Respecto polas expresións culturais (especialmente pola propia):**

Para fomentar a creatividade e a concienciación das expresións artísticas debemos ofrecer aos nenos/as unha rica e variada gama de manifestacións culturais (concertos, actuacións teatrais, exposicións, danza, música...) e que en determinadas ocasións tamén eles sexan protagonistas de tales expresións artísticas

- **Transparencia:**

As actuacións levadas a cabo no centro realizaranse baixo unha total e absoluta transparencia. A comunidade educativa terá dereito a acceder á información do centro seguindo as NOFC, coa finalidade de crear un clima de confianza en torno ás decisións que se tomen na escola

c) Obxectivos

a) Con respecto ao PE:

- Ter un documento de referencia claro e conciso sobre a liña pedagóxica no CEIP San Tomé.
- Fixar as prioridades de actuación en cada etapa educativa.
- Evitar vaivéns pedagóxicos provocados polos cambios que se podan dar no cadro de profesorado.

b) Con respecto ao profesorado:

- Facilitar ao novo profesorado a integración dentro do colexio, para que coñezan e se adecúen á liña de traballo establecida.
- Conseguir unha identidade de centro que permita un alto nivel de coordinación entre o profesorado, tanto no mesmo nivel como entre distintos niveis.

c) Con respecto ás familias:

- Ofrecer ás familias a información básica sobre os aspectos pedagóxicos e metodolóxicos que influirán na educación que reciban os seus fillos/as ao longo da súa escolarización.
- Facilitar o coñecementos das estratexias metodolóxicas para evitar interferencias e deste xeito cumprir co artigo 7 do decreto 105/2014.

d) Con respecto ao alumnado:

Despois de pasar nove anos no colexio, os nenos e nenas do CEIP San Tomé deberán ter adquiridas unhas habilidades que lles permitan ser persoas competentes que se desenvolvan na sociedade con actitude responsable e crítica, para iso, é necesario que:

1. Saiban ler e interpretar mensaxes orais, visuais e escritas.
2. Expresen o seu sentir e as súas opinións de forma oral e escrita.
3. Resolvan problemas en situacións da vida cotiá
4. Empreguen a tecnoloxía con responsabilidade, seguridade e utilidade.
5. Xestionen a súa propia aprendizaxe
6. Valoren as diferentes expresións artísticas
7. Sexan capaces de traballar en equipo
8. Respecten o medio ambiente e se comprometan co seu coidado
9. Valoren a diversidade dentro da igualdade de oportunidades
10. Teñan unha actitude proactiva para participar e propoñer actividades.

d) As prioridades de actuación

De carácter xeral:

- Aproveitar o ambiente e a contorna, onde hai multitude de estímulos naturais e sensoriais.
- Favorecer o movemento, o xogo e a posibilidade de explorar con certa liberdade.
- Dar tempo e práctica para as aprendizaxes básicas: de patrón motor, de linguaxe, de ritmo, de conceptos matemáticos e de relacións humanas.
- Establecer responsabilidades, límites e respecto cara un mesmo e cara os demais.
- Potenciar a imaxinación, a comunicación, as expresións artísticas e a iniciativa.
- Fomentar os hábitos lectores do alumnado, intentando que se converta nunha alternativa no tempo de lecer.

De carácter particular:

- Facer da Educación Infantil unha etapa de verdadeira experimentación e descubrimento, sen prása, sen presión; na que a vivenciación e a manipulación sexan as fontes de aprendizaxe máis importantes, propoñendo actividades acorde ao nivel evolutivo dos nenos/as, sen queimar etapas.
- Abordar as áreas lingüísticas dende a perspectiva da comprensión e a expresión.
- Conseguir un alto nivel de cálculo mental, aplicado ás situacións máis cotiás.
- Resolución de retos ou problemas afrontándoos cunha estrutura axeitada.
- Buscar a autonomía no traballo

- Trabajo cooperativo e resolución de conflictos consensuada.

e) O tratamento transversal nas áreas, materias ou módulos da educación en valores e outros ensinós

Atendendo ao disposto no Decreto 105/2004 do 4 de setembro sobre “elementos transversais”, teremos en conta que:

O tratamento dos elementos transversais será interdisciplinar e a súa formulación pode xurdir en calquera momento do proceso do ensino, prestando unha especial atención ás dúbidas, inquedanzas e problemáticas que vaian aparecendo ao respecto destes temas.

Pero iso non xustifica que xa teñamos programadas as accións encamiñadas á adquisición de competencias e contidos relacionados cos elementos transversais nas diversas áreas, como así o esixe o currículo. Pero, ademais, neste documento queremos deixar reflectidas as pautas, experiencias e vivencias concretas que se farán ao longo do curso escolar e así procurar que o alumnado adquira hábitos, valores e comportamentos axeitados para unha formación íntegra como persoa tanto individual como sendo parte da sociedade.

Polo tanto, no noso centro educativo, levaranse a cabo no transcurso do curso escolar e con intención de mellorar nos cursos vindeiros as seguintes estratexias e actividades:

TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS AO LONGO DOS CICLOS

PREVENCIÓN DA VIOLENCIA

- Nas primeiras semanas do curso realizarase no grupo un consenso sobre as normas de aula que quedarán representadas e visibles nunha zona da clase.
- Levaranse a cabo actividades de traballo en grupo, facendo un seguimento da evolución de cada neno/a como membro activo deste proceso.
- Celebración do día da Paz a nivel centro e buscando neste festexo
- Cumprir o descrito no Plan de Convivencia do centro e facer que sexa un documento útil, revisable e coñecido por toda a comunidade educativa.

- Cumprirase Co descrito no Plan de Convivencia.
- Celebraremos o día da Paz.
- Traballarase a cohesión de grupo.
- Evitarase o xogo no patio en nos que se enfronten os dous niveis.
- Intentaremos solucionar os conflitos puntualmente por medio do diálogo.

- Conmemoración do día da Paz.
- Nos primeiros días, realización das normas da aula, revisables ao longo de todo o curso.
- Fomento do xogo no patio en bandos mesturando os grupos A e B.
- Intentaremos solucionar os conflitos por medio do diálogo e coa axuda (opcional) de compañeiros/as que exerzan de mediadores, escollidos por eles, sempre que así o decidan.
- Traballo a cohesión de grupo.
- Fomento da participación nas actividades do centro, incluso na organización dalgunhas delas, de xeito que se vexan como membros activos e implicados na organización e funcionamento do centro.

IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES

- Emprego de recursos e material non sexista (tendo moito coidado co tipo de cancións escoitadas, de lecturas, xogos...)
- Faremos lecturas comentadas sobre a discriminación de xénero: contos clásicos, libros sobre a vida de mulleres famosas...
- Empregaremos recursos e material non sexista tendo moito coidado co tipo de cancións escoitadas, vídeos, xogos...
- Observaremos con atención a inclusión de nenos e nenas en calquera tipo de xogo ou deporte no patio.

- Participación equitativa nas actividades do centro (Plan de Igualdade, Actividades Complementarias...).
- Realización de lecturas comentadas sobre a discriminación de xénero: contos clásicos, libros sobre a vida de mulleres famosas ...
- Emprego de recursos e materiais non sexista tendo moito coidado co tipo de cancións escoitadas, vídeos, xogos, ...
- Observaremos con atención a inclusión de nenos e nenas en calquera tipo de xogo ou deporte no patio.

COIDADADO DO MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Participar no programa de Voz Natura.
- Reciclar, empregando os colectores de papel e cartos e o dos plásticos, así como os composteiros situados en diversas zonas do patio.
- Darlle uso ao horto escolar, dedicando un tempo sistemático ao seu coidado e empregando este gran recurso escolar para a adquisición das distintas competencias básicas conectándoo coas actividades de aula.
- Potenciar no día a día o aproveitamento do material tanto propio como común (tapar ben os pegamentos, non estragar o papel, etc. formando así consumidores responsables no futuro.
- Colaboración de todos no aforro enerxético (non deixar as luces das aulas prendidas ao marchar, nin cando saímos ao patio ou a Educación física).

- Separaremos o lixo empregando os contedores de papel e plástico.
- Recolectaremos tapóns de plástico, rotuladores e barras de pegamentos gastados.
- Reutilizaremos folios para actividades varias.
- Recolleremos os restos orgánicos das merendas para botalos nos composteiros do patio.
- Participaremos en charlas sobre o uso dos composteiros.
- Dedicaremos un tempo semanal ao coidado do horto escolar.
- Seremos especialmente coidadosos no coidado do entorno nas saídas recollendo os desperdicios das merendas. Faremos unha saída especial para a recollida de lixo pola contorna.

- Separación o lixo empregando os contedores de papel e cartón e o dos plásticos, así como os composteiros situados en diversas zonas do patio, formando así consumidores responsables.
- Promoción dos colectores do colexio: tapóns de plástico, rotuladores, pilas...

- Reutilización de folios e outros materiais para actividades varias.
- Participación en actividades sobre o uso dos composteiros.
- Utilización do horto escolar, dedicando tempo ao seu coidado e empregando este recurso escolar para a adquisición das distintas competencias.
- Concienciación no día a día no aproveitamento do material tanto propio como común.
- Colaboración de todos no aforro enerxético do centro.
- Participación no programa de Voz Natura.
- Especial atención ao coidado do entorno nas saídas (lixos...)

HÁBITOS DE VIDA SAUDABLE

- Nas reunións de inicio de curso coas familias, falar sobre que as merendas que traían da casa sexan sas, evitando a comida industrial.
- Con respecto á celebración dos aniversarios (sempre voluntario, por suposto) incidir en que é mellor traer un biscoito ou tarta caseira e non repartir as típicas bolsas cargadas de chucharías.
- Participar no programa de “froita”.
- Achegar ao nenos a posibilidade de empregar na hora do recreo xogos que favorezan o movemento (cordas, gomas, xogos tradicionais...)
- Potenciar a hixiene e coidado persoal, co lavado de mans frecuente, co cambio de camiseta despois de facer Educación física a partir de 2º de primaria.

- Insistiremos no consumo de merendas saudables, evitando comida industrial procesada.
- Participaremos no programa “froita na escola”.
- Promoveremos a celebración de aniversarios sen chuches.

- Fomento o consumo de merendas saudables, tanto coas familias como co alumnado.
- Participación no programa “froita na escola”.
- Promoción a celebración voluntaria de aniversarios sen chuches e con biscoito ou tarta caseira.
- Promoción do emprego na hora do recreo xogos que favorezan o movemento (cordas, gomas, xogos tradicionais...).
- Potenciación da hixiene e coidado persoal, co lavado de mans frecuente, co cambio de camiseta despois de facer Educación Física a partir de 2º de primaria

SEGURIDADE VIARIA

- Aproveitar as saídas polo pobo para identificar sinais verticais e

<p>horizontais como peóns e potenciar os eu coñecemento e cumprimento.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Participar no Plan Proxecta “Seguridade viaria” cada dous cursos. • Valorar como excursión de fin de curso a saída o Karting Dakart.
<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer algúns sinais de tráfico e que poida poñelas en práctica facendo un circuíto con bicicletas no patio. • Aproveitaremos as saídas para identificar as sinais horizontais e verticais como peóns. • Participaremos en charlas sobre educación viaria.
<ul style="list-style-type: none"> • Aproveitamento das saídas para reforzar o coñecemento das sinalización horizontal e vertical.
<p>INCLUSIÓN EDUCATIVA</p>
<ul style="list-style-type: none"> • Favoreceremos o traballo en equipo e a cooperación entre todos os membros. • Adaptarase o currículo a quen o necesite. • Elaboraremos un informe de deficiencias de accesibilidade do noso centro despois de facer desprazamentos en cadeira de rodas polo centro e cos ollos tapados. Se é posible tamén se pode facer pola localidade.
<ul style="list-style-type: none"> • Adaptarase o currículo ás necesidade de cada neno/a. • Potenciación do traballo en equipo e a cooperación entre todos os membros. • A disposición do alumnado na aula será en pequeno grupo, combinando os seus membros trimestralmente, e realizando dinámicas de cohesión ao comezo de cada agrupamento coa intención de destacar as fortalezas individuais e o sentimento de pertenza a un grupo.

a) A concreción dos currículos

EDUCACIÓN INFANTIL:

Partimos da base de considerar o currículo de Educación Infantil de Galicia (Decreto 330/2009, do 4 de xuño) como **excelente**, polo que o **cumprimento do mesmo** e o seguimento das **liñas metodolóxicas marcadas nese documento** xa garantiría de por si unha boa praxis docente. En calquera caso, o PEC debe concretar e incidir nalgúns aspectos como indica ese mesmo decreto.

Liñas prioritarias:

a) Metodoloxía

Ler, escribir, sumar e restar (por citar exemplos claros) **non son obxectivos** prioritarios en si mesmos, en todo caso serán consecuencias dun axeitado enfoque que esperte no alumnado as capacidades de pensamento e curiosidade necesarias para abordar este tipo de aprendizaxes.

É **innecesario apresurar conceptos formais ou símbolos** se non se comprende o significado dos conceptos. Así mesmo, se non se acadou o grao de maduración axeitado é contraproducente empregar utensilios de traballo que poden derivar en malos hábitos de cara o futuro (o exemplo máis claro é o lapis, que posto nunhas mans inmaduras, deriva nun mal agarre dificilmente corrixible no futuro)

Por todo isto, **as liñas metodolóxicas** básicas para acadar os obxectivos son:

- Formulación de **actividades globalizadas**, contextualizadas e significativas (empregar contextos o máis reais e próximos ao alumnado)
- Ter en conta os coñecementos previos do alumno, xa que no momento no que acceden á escola xa teñen unha bagaxe de aprendizaxe; sendo eles mesmos os protagonistas da súa propia aprendizaxe.

- Respecto pola creatividade/orixinalidade de cada neno/a, propoñendo actividades que favorezan a espontaneidade e nas que se valore o proceso sobre o produto.
- Empregar o xogo como vehículo prioritario para abordar os distintos contidos.
- Favorecer as actividades de movemento, de emprego do propio corpo, de vivenciación, de experimentación para poder chegar á comprensión real.

Lóxico – matemática:

- Respectar a secuencia: vivenciación -manipulación – representación - simbolización.

Queremos que o noso alumnado adquira conceptos, non que reproduza grañas de números sen ton nin son, para iso é necesario que experimente, clasifique, agrupe, compare, faga actividades de conteo... E todo iso con unha intención específica, cun obxectivo pedagóxico e didáctico claro.

- Emprego de materiais convencionais e da contorna para buscar significatividade, así coma outros complementarios (regretas, cubos multibase, centicubos, tangram, xeoplano, bloques lóxicos, contas de madeira, etc)
- Desenvolver e potenciar as capacidades de pensamento, de tal xeito que a aprendizaxe vaia encamiñada á resolución de problemas cotiáns e á comprensión da realidade máis cercana.

Lectoescritura:

- Para a adquisición de habilidades lectoras empregaremos **un método fonolóxico**. O obxectivo é partir de palabras ou expresións verdadeiramente significativas para o alumnado e ir recoñecendo os fonemas a partires desas palabras. A interiorización paulatina derivará

nunha axeitada conciencia fonolóxica, un dos requisitos que consideramos imprescindibles para afrontar sen dificultades o futuro proceso lector.

- A activación de coñecementos previos e a curiosidade realizarase partindo das tipoloxías textuais, das ilustracións e outros aspectos que se poidan considerar, como o título ou autor/a.

- Atendendo ao dito anteriormente neste documento sobre o respecto á etapa madurativa dos nenos será fundamental que se preste especial atención a:

- Enriquecer o vocabulario e as habilidades comunicativas.
- Mellorar a capacidade de atención e escoita activa, así como a discriminación auditiva.
- Traballar a discriminación e memoria visual
- Respetar a evolución da lateralidade e axudar a afianzar a orientación espacial e a direccionalidade (de esquerda a dereita)

En canto á escritura, indicar que este proceso non se inicia co lapis, senón que hai traballo previo a realizar:

- Desenvolvemento da psicomotricidade fina (en concreto, a consecución da pinza índice-polgar): traballo con plastilina, con pinzas, con pezas de ensartar...
- Trazos básicos: coas mans en distintas superficies, cos pés, coas dedas, con elementos da contorna (paus na area)...
- Direccionalidade: necesaria para evitar complicacións posteriores, relacionada coa orientación espacial.

Unha vez que as criaturas empezan co proceso de escritura, débense respectar as fases da mesma: presilábica, silábica, silábico-alfabética e alfabética; entendendo que cada unha forma parte dun proceso madurativo.

b) Aspectos xerais para a elaboración de programacións didácticas

Á hora de redactar a programación de EI, é preciso concretar os seguintes aspectos:

- Tema xeral escollido polo claustro para abordar o PDI proposto dende a biblioteca e enfoque que se lle dará dende esta etapa (aínda que despois se respecten posibles centros de interese que xurdan nas distintas aulas relacionadas coa temática)
- Temática e obxectivos dos obradoiros internivelares que se levarán a cabo durante o curso.
- Concreción dos recunchos que se deseñarán en cada aula.
- Saídas didácticas previstas e xustificación das mesmas dende o enfoque curricular.
- Concreción das actividades nas que participarán as familias dentro das aulas.
- Medidas organizativas dentro da aula
- Estrutura das sesións diarias
-

c) Agrupamento do alumnado

Ver si procede cambiar o procedemento de constitución de grupos en tres anos.

Proposta:

- A distribución dos nenos/as por grupos realizarase en función dos datos obtidos de cada alumno/a no período de adaptación e na entrevista inicial mantida cos pais. Nun principio pódense distribuír os nenos durante o período de adaptación por xénero e por orde alfabética e despois facer a redistribución.
- O procedemento sería:

1º.- As dúas titoras, as mestras de apoio e o xefe do departamento de orientación observarán a todo o alumnado. Nesa observación recollerase información relacionada

2º Unha vez realizada a observación e as entrevistas, pouco antes de rematar o período de adaptación, titoras e apoios poñerán en común as observacións realizadas e as impresións obtidas sobre cada neno/a.

3º.- En base ás impresións obtidas crearanse os dous grupos seguindo os criterios de:

- Reparto de nenos con nee que xa estean diagnosticadas.
- Reparto dos nenos con dificultades significativas (lingüísticas, conducta, motóricas,...)
- Reparto de nenos/as por orde alfabética tendo en conta o xénero.

d) Distribución de espazos e tempo

- As aulas de infantil estarán distribuídas de tal xeito que favorezan e potencien o desenvolvemento da:

- Autonomía.
- Socialización.
- Movemento.
- Comunicación.
- Xogo.
- Descubrimento.
- Para acadar isto establecerase como norma xeral unha organización espacial da aula na que non poderán faltar espazos destinados a traballar os seguintes ámbitos: xogo simbólico; motricidade; lóxico-matemático; lectoescritura. Estes serán considerados espazos onde os nenos/as poidan realizar diferentes actividades de xeito experimental, garantindo diferentes formas de agrupamentos nas que os alumnos/as estean a gusto e logren desenvolver destrezas básicas propias da etapa.
- En canto aos tempos, respectarase unha proporción de traballo/descanso/xogo axeitada para cada idade.
- Cada día haberá actividades de movemento (cun mínimo de tres sesións específicas semanais de motricidade e unha de educación musical)
- Para respectar a lexislación e crendo firmemente nos beneficios que aportan, levaranse a cabo, alo menos, un día á semana obradoiros internivelares (os temas concretaranse na programación anual de infantil), nos que, en todo caso, se buscarán os estímulos sensoriais

e actividades lúdicas e complementarias ao traballo que se leva a cabo nas aulas.

e) Avaliación

A avaliación na etapa de Educación Infantil entenderase como un proceso de recollida, análise e valoración de información relevante do alumnado co que traballamos e, polo tanto estará presidida en todo momento polo carácter global propio da etapa. Neste proceso non poderá faltar, entre outros aspectos, información do alumnos/a sobre: aprendizaxes adquiridos, ritmo de aprendizaxe e información sobre o momento do desenvolvemento no que se atopa o alumno/a en cuestión.

Trimestralmente estes aspectos recollidos na avaliación analizaranse en conxunto por parte do profesorado que imparte docencia ó grupo en cuestión, xunto co orientador e un representante do equipo directivo, nas diferentes sesións de avaliación. Estas sesións **desenvolveranse seguindo os diferentes pasos establecidos no protocolo elaborado dende o centro para tal efecto.**

Dos resultados obtidos no proceso de avaliación as familias serán informadas a través dos correspondentes boletíns informativos.

f) Participación das familias

A familia é un pilar fundamental na educación global de todo alumno, polo que estas non deben estar á marxe do que acontece no centro cos seus fillos. Polo tanto, para conseguir acadar una educación de calidade e integral no noso alumnado, partiremos do principio básico da coeducación na que tanto familia como colexio xoguen un papel fundamental. Co fin de facilitar e propiciar esta interacción familia-centro establecerase unha dinámica de implicación familiar baseada na participación puntual da familia en diferentes actividades ó longo do curso (dinámicas de aula, xogos, conmemoracións, talleres,...). Esta participación da familia en diferentes actividades de centro estará sempre presidida por dous principios básicos: en primeiro lugar os pais actuarán sempre como

colaboradores e nunca como substitutos do docente; e por outra parte a participación será voluntaria e organizada polo mestre/a, existindo en todo momento una información clara á familia dos obxectivos que se pretenden acadar coa actividade que se formula.

A parte da participación activa das familias na dinámica do centro, cobra especial importancia regular as canles que serán empregadas á hora de transmitirle información relevante ás familias. Para iso manteranse as seguintes reunión informativas:

- Reunión a comezo de cada curso (setembro) organizada pola coordinadora de EI e dirixida a todas as familias de EI para informar de: mestres/as que poden nalgún momento traballar co alumnado da etapa, titores/as de cada grupo, especialistas, metodoloxía xeral de traballo que se vai seguir, aspectos organizativos da etapa e recomendacións.
- Reunión a finais de cada curso (xuño), realizada por parte de cada titor/a xunto co correspondente mestre/a de apoio, dirixida a todas as familias de cada grupo en cuestión na que se explique o traballado ó longo do curso a nivel xeral.
- Reunión a final de curso (xuño), realizada por parte do titor/a xunto co mestre/a de apoio, de xeito individual con cada familia do alumnado que remata a etapa de EI (6º EI) para informar daqueles aspectos que se consideren relevantes e poidan facilitar o paso de EI a EP.
- Reunión en xuño con todas as familias do alumnado que comeza en setembro 4º de EI, realizada por parte do coordinador/a da etapa, para explicar certos aspectos que se consideren relevantes (normas do colexio, certas pautas para o verán que lle faciliten o inicio de curso ós nenos,...)
- Empregar as titorías como canle para manter un contacto continuado coas familias do alumnado. Neste sentido, convén rexistrar os temas tratados na titoría e os acordos alcanzados (Anexo I)

g) Tránsito á seguinte etapa

Igual que se adoptan medidas organizativas para facilitar a adaptación do alumnado ó centro e á etapa de EI, deberíanse adoptar tamén certas medidas que faciliten tránsito e o proceso de adaptación do alumnado á etapa de EP xa que, a pesares de realizarse dentro do mesmo centro, non deixa de ser para o alumnado un cambio de etapa educativa, e polo tanto un aspecto a ter en conta.

Para iso dende o centro ofreceránselle ós alumnos/as experiencias que lle axuden a pasar este tránsito da mellor maneira posible. Estas realizaranse durante o terceiro trimestre de cada curso e basearanse principalmente na formulación de actividades pensadas para concienciar ós alumnos/as de 6º de EI do cambio que van experimentar, pero sempre dende unha perspectiva positiva. Por exemplo, axudándoos a tomar contacto con elementos propios da etapa (coñecendo ós profesores do primeiro ciclo, realizando actividades de forma conxunta cos nenos de primeiro para que lles conten experiencias propias, amosándolles os espazos (aulas, zonas de patio ás que van poder ir,...).

Por outro lado, as mestras de infantil proporán na derradeira sesión de avaliación unha distribución de alumnado para facer desdobres baseados na etapa evolutiva dos nenos/as, e que serán contrastados na avaliación inicial do primeiro curso antes de realizar a distribución definitiva.

h) Período de adaptación

O obxectivo deste período de adaptación non será outro que o de facilitarlle ó alumnado chegado ó centro a adaptación ó novo medio.

A pesares de estar este período organizado dende a administración (normativa de cada curso), á hora de desenvolvelo no centro teremos en conta o seguinte:

- Deberá ser minuciosamente programado e organizado por parte do equipo de EI en colaboración coa dirección do centro, flexibilizando os grupo e tempos da xornada escolar en función das necesidades que se observen.
- Este período debe servir como primeira toma de contacto do alumnado co centro pero tamén do mestre co propio alumnado,

polo que será entendido como punto de partida para comezar a coñecer e traballar con eles. Polo tanto, neste período rexistrarase individualmente como é a evolución/adaptación de cada neno/a nese período. Para realizar ese rexistro non deberá faltar información sobre:

- Actitude dos pais na primeira entrevista así como nos momentos nos que traen ós nenos/as ó centro.
- Actitude do neno/a ante a figura da/o profesor/a.
- Actitude do neno/a ante os diferentes obxectos da clase, espazos e ante os propios nenos da súa idade.
- Actitude amosada ante o xogo e ante as diferentes actividades realizadas.
- Actitude emocional que amosa o neno/a nese tempo.
- Rexistro verbal no que se valore o nivel de desenvolvemento verbal no que se atopa cada neno.
- Actitude ante a comida e o descanso.
- Actitude ante o fin da xornada.
- Condutas relevantes que chamen a atención do mestre/a (seguimento de ordes, normas, movementos,...)

i) Atención educativa para o alumnado que non opte polo ensino de relixión

O alumnado que non opte pola área de relixión terá unha atención educativa impartida pola súa titora (no caso de non ser posible, por outra mestra de Educación Infantil). Para estas sesións aconséllase:

- O traballo en valores e igualdade, sobre todo a través de contos
- A educación emocional (a través de historias, representacións, contos...), que favorezan a expresión das propias emocións, gustos, fobias, etc.

- A estimulación sensorial (sobre todo auditiva e visual)

1º e 2º de Primaria:

Liñas prioritarias:

a) Metodoloxía

- Para dar continuidade á etapa de Educación Infantil optarase por un **método globalizado**, sen emprego do libro de texto como uso convencional e buscando situacións cotiás e significativas.
- Alo menos un día á semana levaranse a cabo **obradoiros internivelares**, sempre coordinados e con temáticas que potencien as capacidades globais do alumnado e a aprendizaxe competencial (reciclaxe, robótica, construcións, arte, cociña, experimentación, teatro, arte...)

Competencia Lingüística:

- Empregarase (en consonancia coa etapa anterior) **o método fonolóxico** para a lectura. Ao final da etapa os alumnos/as deben ser capaces de ler diferentes tipos de textos con certa fluidez e empregando a prosodia.
- Na escritura, o obxectivo final debe ser a **producción de textos sinxelos**, coa complexidade acorde a esta etapa e respectando as etapas de escritura.
- Á hora de presentar a grafía das letras, respectarase a tendencia natural do neno/a, pero se demanda unha orientación decantarémonos pola enlazada, cuxos trazos foron traballados na etapa de educación infantil.
- Fomentar a **expresión oral, tanto espontánea como preparada**, dando ferramentas para que sexa fluída e coherente. Para iso pódese recorrer a xogos de expresión oral e á gravación de vídeos.
- Elixiranse –alo menos- **dous libros** (un en galego e outro en castelán) de **literatura** para empregar como **elemento vehicular** para inducir as aprendizaxes.

Un destes libros será elixido para formar parte do itinerario lector do colexio, o segundo será seleccionado en función da temática elixida para p PDI.

Competencia en ciencia, tecnoloxía e matemática:

- Dedicar a diario un tempo ao **cálculo mental**.
- Incidir na **composición e descomposición** numérica ata dominala con seguridade, afianzando o valor posicional.
- Coñecer o **espazo próximo**: medidas e formas das ferramentas cotiás, das mesas, da aula, das portas...
- Respecto pola estrutura vivenciación/manipulación/fase gráfica/simbolización

Competencia Aprender a aprender:

- Aprender a empregar **ferramentas comúns de traballo**.
- Organizar o **espazo de traballo**: ter na mesa o imprescindible e coñecer a localización dos materiais que poden ser necesarios
- Emprego **de debuxos** (fase gráfica) para a resolución de problemas
- Localización de **palabras ou expresións clave**
- Emprego da **liña temporal**
- Recollida e interpretación de **datos**

Traballo cooperativo:

- Organización coherente dos grupos en base a criterios obxectivos
- **Reparto de roles** dentro de cada grupo
- Establecemento de **normas** dentro do grupo
- Emprego de **estruturas básicas**

b) Pautas para a elaboración das programacións

- Revisión dos **mínimos** de cada estándar e **perffs competenciais** e propoñer os cambios que se estimen oportunos.
- Revisión / reelaboración das **rúbricas** para a avaliación das competencias.
- Determinar as probas / observacións que se levarán a cabo para a **avaliación inicial**: as valoracións realizaranse sobre as competencias lingüística e matemática.

- Organización de agrupamentos flexibles (grupos e áreas nos que se levará a cabo)
- Concreción dos **obradoiros** que se levarán a cabo no curso
- **Saídas** didácticas (e xustificación das mesmas)
- **Fixar con claridade os criterios e instrumentos** de avaliación e cualificación do alumnado.

c) Distribución de espazos

- A distribución do **alumnado favorecerá o traballo cooperativo, polo que as mesas estarán preferentemente distribuídas** en grupos (a poder ser de 4 alumnos cada un)
- Existirá **zona de asemblea** ou de colocación en gran grupo
- Cada aula terá espazos para a distribución da **biblioteca de aula, materiais comúns, traballos do alumnado e prendas de abrigo.**
- Habilitarase un espazo para a **recollida de lixo**; o papel e os plásticos depositaranse nos colectores comúns habilitados nos corredores

d) Avaliación:

- A avaliación estará **enfocada á detección de dificultades e necesidades** e á busca de **solucións e medidas** para afrontalas. Nas sucesivas avaliacións valorarase se as medidas adoptadas resultaron eficaces ou se polo contrario será necesario adoptar outras diferentes.
- Para as sesións de avaliación aplicarase o **protocolo do centro**; aportando a información que se require nel (traballo realizado, comentario xeral do grupo, análise individual...)
- As familias recibirán trimestralmente o boletín oficial do centro cumprindo coa Orde de avaliación vixente.

e) Participación das familias

- Para favorecer a participación e comunicación coas familias realizarase unha primeira reunión informativa onde se expliquen os cambios que lles esperan aos seus fillos/as nesta etapa educativa e

a liña metodolóxica do centro, así como os aspectos máis formais da avaliación.

- Puntualmente poderá requirirse a súa colaboración para actividades de aula sempre baixo a supervisión e organización do mestre/a.
- As vías de comunicación frecuentes serán a axenda do alumnado e as mensaxes directas por Abalarmobil ou teléfono.

3º e 4º de Primaria:

Liñas prioritarias:

b) Metodoloxía

Nesta etapa educativa resulta primordial a **comprensión escrita**. Se no primeiro ciclo se busca alcanzar unha fluidez e prosodia axeitadas, agora será fundamental comprender a información que se presenta nos diferentes tipos de texto, xa que, tanto no traballo de áreas como de competencias, boa parte do éxito escolar vai depender deste capacidade.

Nesta etapa tamén se da o paso de traballar máis por áreas, aínda que ese cambio debe ser progresivo facendo actividades de xeito globalizado aproveitando o principio de interdisciplinariedade.

Competencia Lingüística:

- Elixiranse –alo menos- **dous libros** (un en galego e outro en castelán) de **literatura** para empregar como **elemento vehicular**.
Un destes libros será elixido para formar parte do itinerario lector do colexio, o segundo será seleccionado en función da temática elixida para p PDI.
- Fomentaranse as tarefas/actividades encamiñadas á **comprensión escrita**.
- Elaboración de **glosario de palabras e expresións máis comúns**, buscando elementos que permitan **construír as normas ortográficas**.
- Producción de **textos escritos** nos que se diferencien perfectamente as partes e nos que se empreguen conectores

Competencia en ciencia, tecnoloxía e matemática

Para evitar que sempre queden os mesmos contidos para o final (co risco de non ser traballados) e dando por sentado que **todos os bloques teñen a mesma importancia**, propónse que ao longo da semana se aborden contidos de todos os bloques, buscando a máxima conexión entre eles.

- En consonancia co primeiro ciclo, o cálculo mental debe ser prioritario, empregando as **técnicas de cursos anteriores**

melloradas (aplicando o aprendido a números máis grandes descompostos) e ampliando ao cálculo **de multiplicacións e divisións pequenas por descomposición.**

- **Estimar e aproximar**
- Emprego e manexo da **calculadora** de forma efectiva tanto para a comprobación como para a aprendizaxe.
- Manexo das **moedas** e as equivalencias
- Resolución de **problemas contextualizados** (mapas, gráficas, horarios, cartos)
- Responsabilidade no **aforro enerxético e a recollida de lixo** na escola
- Construción e coñecemento das **máquinas simples**

Competencia en Aprender a Aprender

Esta etapa educativa ten vital importancia na adquisición de **técnicas básicas de estudo**, polo que será preciso investir moito tempo, sendo as áreas de ciencias sociais e ciencias naturais ferramentas idóneas para o traballo desta competencia.

- Aprender a **reler e subliñar** e identificar as **ideas principais**
- Elaboración de **glosarios**
- Realizar **bosquexos**
- Elaborar **resumos** (estrutura do resumo a partir das ideas principais)
- Elaboración e interpretación de **gráficas.**
- Nocións básicas de **alfabetización informacional.**

Traballo cooperativo

Coñecidos os roles, as normas e as estruturas básicas, neste ciclo débese dar un impulso ao traballo cooperativo, para iso proponse:

- Aumentar o número de actividades realizadas con estruturas de traballo cooperativo.
- Normalizar a toma de decisións conxuntas dentro de cada grupo
- Potenciar a elaboración de produtos comúns nos elementos sinalados na competencia aprender a aprender .

c) Pautas para a elaboración das programacións:

- Revisión dos **mínimos de cada estándar e do perfil competencial**, sobre todo os da subcompetencia comprensión escrita e aprender a aprender.
- Revisión das **rúbricas** para a avaliación das competencias, en especial a de aprender a aprender.
- Revisión das porcentaxes.
- Determinar as probas/observacións que se levarán a cabo para a **avaliación inicial**: as valoracións realizaranse sobre as competencias lingüística e matemática.
- **Saídas** didácticas (e xustificación das mesmas)
- **Fixar con claridade os criterios e instrumentos** de avaliación e cualificación do alumnado, revisando as porcentaxes no caso de ser necesario. Nesta etapa o alumnado descubrirá as probas obxectivas escritas (os clásicos “exames”), polo que será tido en conta á hora de formulalos, tendo como referencia/modelo os das avaliacións individualizadas de terceiro.

d) Distribución de espazos:

- A distribución do alumnado na aula favorecerá o traballo cooperativo.
- Existirán espazos claros e facilmente localizables para a colocación do material común e para a busca autónoma de información.
- Existirá unha zona para a recollida de lixo en xeral, xa que a recollida selectiva é común para as catro aulas no corredor principal.

e) Avaliación

- A avaliación neste ciclo ten como primeiro obxectivo detectar dificultades na comprensión escrita. Neste sentido tomaranse as medidas axeitadas para evitar que os alumnos sexan penalizados en todas as áreas por esta dificultade.
- Nas sesións de avaliación empregarase o protocolo de centro aportando a información que nel se require.
- As familias recibirán un boletín trimestral cumprindo coa orde de avaliación vixente. No caso de alumnos con dificultades, irá

acompañado dunha entrevista individual ou un informe redactado detallando as mesmas e as medidas previstas para superar as dificultades.

- Aplicar os criterios de repetición establecidos nas programacións didácticas e informar ás familias da posibilidade desta medida no momento no que se dea.

f) Participación das familias

- Para favorecer a participación e comunicación coas familias realizarase unha primeira reunión informativa onde se expliquen os cambios que lles esperan aos seus fillos/as nesta etapa educativa e a liña metodolóxica do centro, así como os aspectos máis formais da avaliación.
- Puntualmente poderá requirirse a súa colaboración para actividades de aula sempre baixo a supervisión e organización do mestre/a.
- As vías de comunicación frecuentes serán a axenda do alumnado e as mensaxes directas por Abalarmobil ou teléfono.

5º e 6º de Primaria:

Liñas prioritarias:

a) Metodoloxía

Nesta etapa educativa os catro titores impartirán docencia en todos os grupos. Búscase unha especialización curricular e que o alumnado adquira unha dinámica de organización e responsabilidade maior.

Deste xeito quedarían así distribuídas as áreas:

- Matemáticas: titor/a 1
- Ciencias sociais e ciencias naturais: titor/a 2
- Lingua Galega e Plástica: titor/a 3
- Lengua Castellana e Valores Sociais e Cívicos: titor/a 4
- Relixión: mestre/a de Relixión
- Educación musical: mestre/a especialista
- Primeira lingua estranxeira (Inglés): mestre/a especialista
- Educación Física: mestre/a especialista
- Libre configuración autonómica (Robótica, tecnoloxía e tratamento da información): mestre asignado con formación na materia

O feito de “separar” as áreas non implica que se desatendan as competencias básicas, senón que serán abordadas dende cada área na proporción na que estean presentes en cada unha delas. Sirva como exemplo a importancia da competencia lingüística na área de matemáticas á hora de comprender un problema ou de explicar verbalmente ou por escrito o proceso seguido para resolvelo; ou a relevancia da competencia Aprender a aprender en todas e cada unha das áreas.

Ademais, formamos parte do proxecto Edixgal, polo que o alumnado disporá dun ordenador portátil para uso persoal tanto no colexio como na casa. A través da plataforma EVA poderán empregarse os contidos precargados polas editoriais adxudicatarias ou ben os creados polos mestres a través doutras vías.

O mestre que imparta cada área poderá, deste xeito, analizar en profundidade os contidos ofertados en cada área e elaborar contidos propios para alcanzar a consecución dos estándares de aprendizaxe.

Isto implica un importante traballo de alfabetización informacional, para que os nenos/as accedan con seguridade á rede e saiban tratar con garantías a información á que acceden (tanto escrita como visual)

Competencia lingüística:

- A **producción de diferentes tipos de textos** é o obxectivo prioritario. Isto implica o coñecemento de diversas **tipoloxías textuais** e a súa estrutura, así como o dominio de **conectores** e a aplicación de **normas ortográficas e gramaticais**.
- Elixiranse **dous libros de literatura** (un deles fixo como parte do itinerario lector-aconséllase que sexa un clásico- e outro relacionado co PDI da biblioteca.
- **Expresión oral** a través de **exposicións de traballos** preparadas e estruturadas
- Creación de contidos propios, estruturados e argumentados.

Competencia matemática, ciencia e tecnoloxía:

O alumnado que abandone o colexio debe ser capaz de estar preparado para afrontar situacións da vida cotiá con garantías. Para iso deberá:

- Interpretar **datos e gráficas** con solvencia e espírito crítico
- Calcular mentalmente operacións básicas, porcentaxes e fraccións
- Estimar, redondear e establecer predicións sobre resultados
- Resolver problemas contextualizados extraídos de textos e situacións reais, tanto a nivel numérico como xeométrico e de medidas.
- Empregar a calculadora con soltura e efectividade
- Ter nocións básicas de programación
- Ser crítico e responsable cos hábitos de vida e o coidado do medio ambiente.

Competencia en aprender a aprender:

Tendo en conta o traballado no ciclo anterior, será necesario reforzar e ampliar esta competencia a través de:

- Realización de mapas conceptuais e esquemas
- Tomar notas
- Elaborar guións
- Producir resumos
- Programar o propio tempo (de planificación, de traballo, de execución, de exposición...)

45

Traballo cooperativo

-

b) Pautas para elaborar as programacións:

- Cada mestre debe revisar os mínimos das áreas que lle corresponda impartir, así como determinar os instrumentos de avaliación, os criterios de cualificación e as concrecións metodolóxicas.
- En conxunto, o equipo docente de 5º e 6º revisará os perfís competenciais e as rúbricas de cada unha das competencias, así como as actividades a levar a cabo e a contribución para a consecución das competencias clave.

c) Distribución de espazos

- Como as aulas serán espazos de aprendizaxe deseñados e adaptados para cada área, deberán ter unhas características comúns que faciliten o traballo do alumnado e o cambio dunha aula a outra:
 - Todas as aulas terán a mesma distribución de mesas que faciliten o traballo cooperativo, de tal xeito que un equipo estable dentro dun grupo poda situarse do mesmo xeito en todas as aulas.
 - Haberá espazos para que todo o alumnado poda gardar os cadernos de traballo ou portafolios dentro da aula de cada área.

- Para evitar que o alumnado teña que mobilizar permanentemente material, as aulas estarán dotadas para que non sexa necesario este proceso.

d) Avaliación

- Como consecuencia da distribución de áreas e profesorado, a avaliación nesta etapa será moito máis específica, polo que a detección de problemas comúns debe ser abordada dende a coordinación de todos os mestres.
- As sesións de avaliación terán unha dinámica distinta ás dos cursos anteriores, polo que o protocolo de centro non é operativo.
En primeiro lugar, buscarase unha valoración global do grupo baseada na valoración das competencias básicas, en especial a Social e Cívica, na que está incluído o traballo cooperativo.
Posteriormente exporase o grao de consecución de estándares de cada área para finalizar coa análise individual do alumnado.
- As familias serán informadas no boletín oficial de forma trimestral e, no caso da existencia de dificultades, poderá complementarse cun escrito detallando as mesmas.
- O alumno/a que remate sexto de primaria cunha media superior a 9,5 será merecedor/a dunha mención honorífica no seu expediente.

e) Participación das familias

- Para favorecer a participación e comunicación coas familias realizarase unha primeira reunión informativa onde se expliquen os cambios que lles esperan aos seus fillos/as nesta etapa educativa, que son significativos a nivel de organización e responsabilidade, así como a liña metodolóxica do centro e os aspectos máis formais da avaliación.
- Puntualmente poderá requirirse a súa colaboración para actividades de aula sempre baixo a supervisión e organización do mestre/a.

- As vías de comunicación frecuentes serán a axenda do alumnado e as mensaxes directas por Abalarmóbil ou teléfono

f) Tránsito á seguinte etapa:

Este é un dos factores que máis inflúe á hora de abordar a distribución horaria nesta etapa. Ao ser unha dinámica máis parecida á do IES, entendemos que será beneficioso para o alumnado que sexan varios os mestres que lles impartan docencia, tendo que organizar deste xeito os tempos para o estudo e a realización de tarefas.

Por outro lado, no mes de xuño organizarase unha visita ao IES Francisco Asorey para os alumnos que se matriculen nese instituto. Esta visita está coordinada polos Departamentos de Orientación de ambos centros educativos.

g) Estrategias para alcanzar los estándares (Decreto 86/2015)

Pendente de elaboración

h) As medidas de atención á diversidade do alumnado

Anexo “Plan de atención á diversidade”

i) A acción titorial

Anexo “Plan de Acción titorial”

j) Os compromisos educativos

- **O profesorado do Ceip San Tomé comprométese a:**
 - Formarse permanentemente e facer unha revisión da súa práctica docente.
 - Participar activamente nas actividades propostas polo centro
 - Buscar as adaptacións metodolóxicas necesarias para adecuarse a cada grupo de alumnos
 - A tratar en todo momento con respecto ao alumnado e ás familias
- **O alumnado do Ceip San Tomé comprométese a:**
 - Cumprir os horarios con rigor
 - A implicarse e esforzarse para acadar os obxectivos educativos
 - Participar nun clima de convivencia pacífica.
 - Participar nas actividades complementarias organizadas dende o centro
- **As familias comprométense a:**
 - Que os seus fillos/as cheguen con puntualidade ao colexio
 - Acompañar a os seus fillos/as no proceso de aprendizaxe sen interferir na liña metodolóxica do centro
 - A buscar solucións consensuadas para resolver conflitos
 - A tratar con respecto ao profesorado e ao resto de familias

k) Proxectos de centro

- a. O plan de convivencia (Anexo)
- b. Proxecto Lector de Centro (Anexo)
- c. As medidas para promoción de estilos de vida saudables (sen elaborar)
- d. O proxecto de educación dixital (para centros en contorno dixital) (Anexo)
- e. A oferta de materias de libre configuración autonómica

Tras o acordo de claustro e consello escolar decidiuse que en cuarto de educación primaria se leve a cabo un **reforzo curricular da competencia lingüística** impartindo unha sesión máis de primeira lingua estranxeira (**inglés**), levada a cabo polo mestre/a especialista que estea asignado/a a ese curso.

En sexto de primaria crearase unha nova asignatura chamada **“Robótica, tecnoloxía e tratamento da información”**, con currículo propio aprobado pola inspección educativa e impartido por un mestre/a con formación específica e acreditada na materia.

- f. Outros proxectos nos que participa o centro.
 - i. Da consellería
 - Edixgal
 - Contratos – programa
 - Plan proxecta
 - Plan director
 - Robótica educativa en primaria
 - ii. Outras entidades
 - Revitaliza
 - Spad: prevención de drogas e alcol
 - Voz Natura

l) As singularidades curriculares e de organización e os correspondentes agrupamentos pedagóxicos (art. 121.7 LOE-LOMCE)